

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A ADHESIÓN POR PARTE DO PLENO DA SOLICITUDE DO RECOÑECEMENTO DE CARBALLO COMO “CIDADE AMIGA DA INFANCIA”

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Programa Cidades Amigas da Infancia, liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da convención sobre os dereitos do neno (ONU,1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos gobernos locais.

Non hai dúbida, de que o pobo de Carballo e o seu goberno s defenden de forma decidida o cumprimento da Convención dos dereitos do Neno, e, dentro desta vontade, nesta lexislatura pódese dar un paso máis, solicitando a nosa adhesión a esta loable iniciativa, comezando coa solicitude de cidade aliada.

Tal e como explica UNICEF, un municipio que ten a condición de Aliado é aquel que se comprometeu a traballar de forma coordinada e estable a favor da infancia e a adolescencia desde unha perspectiva de dereitos.

Para tal solicitude, é suficiente con que un representante público, membro do Equipo de Goberno Local, previo acordo co seu alcalde, diríxase por email ao Comité autonómico de UNICEF Comité Español. A resposta afirmativa de UNICEF outorgará con efectos inmediatos a condición de Municipio Aliado.

Esta condición compromete ao Goberno Local e a UNICEF Comité Español a establecer un protocolo de comunicación e colaboración, de modo que en diante traballen xuntos para lograr que o Goberno Local estea en condicións de obter para a súa localidade o Selo de Recoñecemento Ciudad Amiga da Infancia.


A condición de "aliado" é importante, pois se valora de maneira positiva, aínda que non é un requisito obrigatorio, que os novos municipios que se presenten á convocatoria de Recoñecemento sexan previamente municipios aliados, polo menos 18 meses antes da convocatoria de Recoñecemento, de modo que iso facilite un mellor coñecemento da súa traxectoria.

Só por citar algúns dos concellos da nosa contorna que xa gozan de tal recoñecemento, podemos nomear aos de Carnota, Cabanas, Moeche, e Teo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno de Carballo a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1.- Solicitar ao Comité autonómico de UNICEF Comité Español a condición de Municipio Aliado para o concello de Carballo.
- 2.- Establecer un protocolo de comunicación e colaboración co Comité Español de UNICEF, de modo que en diante traballemos xuntos para lograr que o Goberno Local estea en condicións de obter para Carballo o Selo de Recoñecemento Ciudad Amiga da Infancia.



Carballo a 17 de Setembro de 2019.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL